



11/05/09

Nota de Prensa

Galactea-Plus presenta os seus servizos de transferencia de tecnoloxía para o sector agroalimentario en ANFACO-CECOPESCA.

*Creada a comezos de 2008 pola Comisión Europea a **Enterprise Europe Network** é a meirande rede europea de apoio ás pequenas e medianas empresas.*

O CIS Galicia, o nodo galego da rede **Enterprise Europe Network** responsable dos servizos de **transferencia de tecnoloxía**, dará a coñecer a nova rede na que participa a través do consorcio **Galactea-Plus** nunha rolda de presentacións que comezará a vindeira semana.

O día 15 levarase a cabo a presentación na sede de ANFACO-CECOPESCA en Vigo ante as empresas de esta Asociación e outras PEMES inseridas na Plataforma Tecnolóxica Galega Agroalimentaria (Ptgal).

Os responsables do proxecto, xestionado pola **Unidade de Vixilancia e Transferencia Tecnolóxica** do CIS Galicia, explicarán dun xeito práctico e didáctico os servizos de fomento da transferencia da tecnoloxía e da innovación que levan prestando gratuitamente ao empresariado e institucións galegas dende o ano 2000. Os asistentes recibirán un dossier cun resumo das **ofertas e demandas tecnolóxicas** relacionadas co sector agroalimentario difundidas a través da rede.

Estas roldas de presentacións terán continuidade ao longo do proxecto que rematará a finais do ano 2013 co fin de dar a coñecer ao máximo número de empresas galegas o proxecto Galactea-Plus para que deste modo poidan beneficiarse dos seus servizos aumentando as posibilidades de desenvolver o seu potencial competitivo e innovador.

A rede europea

Formada por preto de 600 organizacións e 4.000 profesionais de máis de 40 países, a Enterprise Europe Network pretende promover desde unha perspectiva local a innovación e a competitividade das PEMES europeas.



A rede abrangue un amplo abano de servizos para as PEMES, desde a simple resposta a unha dúbida concreta sobre o ámbito de negocios europeo (e.g. lexislación, oportunidades de financiamento, acceso a programas) ata servizos dun alto valor engadido como o fomento da cooperación empresarial, a internacionalización e o fomento da innovación mediante a transferencia de tecnoloxía e a participación en proxectos.

O consorcio Galactea -Plus

A Unidade de Vixilancia e Transferencia Tecnolóxica ubicada nas instalacións do *Centro de Innovación e Servizos* en Ferrol, participa na **Enterprise Europe Network** a través do consorcio **Galactea-Plus**, formado por oito entidades de Asturias, Cantabria, Castela e León e mais Galicia.

A transferencia de tecnoloxía

A Unidade de Vixilancia e Transferencia Tecnolóxica é a responsable en Galicia dos servizos de transferencia de tecnoloxía transnacional, posibilitando a difusión de innovacións europeas en Galicia e viceversa, fomentando así a súa incorporación á empresa e a súa concorrencia no mercado global.

A Unidade conta cunha ampla experiencia que se remonta ao ano 2000 no que se incorpora á antiga rede europea de Centros de Enlace para a Innovación coma o punto de contacto para fomentar a transferencia de tecnoloxía en Galicia, labor que continúa exercendo hoxe en día a través da Enterprise Europe Network creada no ano 2008. No 2004 a Unidade foi premiada co galardón á mellor transferencia de tecnoloxía europea.

Os servizos da Enterprise Europe Network están financiados pola Dirección Xeral de I+D+i e a Comisión Europea a través do Programa para a Innovación e a Competitividade (CIP).

Máis información e contacto:

Enterprise Europe Network

GALACTEA-PLUS

Unidade de Vixilancia e Transferencia Tecnolóxica.

CIS Galicia

A Cabana s/n

15590 Ferrol (A Coruña)

galactea@cisgalicia.org

Tel.: 981 33 71 46

Sitio web da Enterprise Europe Network:

<http://www.enterprise-europe-network.ec.europa.eu/>

Sitio web do consorcio Galactea-Plus:

<http://www.galacteaplus.es/>

Blog da Unidade de Vixilancia e Transferencia Tecnolóxica:

<http://vixia.wordpress.com>